

PSG
PSOE



PONTEDEUME

BOLETÍN INFORMATIVO

Decembro de 2011

Sabía vostede que...

...a pesares da crise económica e da mala prestación do servizo de limpeza, o Goberno de Gabriel Torrente decidiu subir por riba do IPC, concretamente un 4,3%, a taxa que pagamos os veciños e veciñas de Pontedeume pola recollida do lixo?. Dende que o PP obtivo a maioría absoluta nas pasadas eleccións municipais, na nosa Vila, lonxe de "aumentar" a calidade de vida dos veciños, o único que aumentou foron os salarios dos membros do Goberno, a débeda do noso Concello e os impostos aos eumeses...

...a menos de 50m do Punto Limpo sito no Polígono de Vidreiro, existe dende hai meses un vertedoiro incontrolado sen que o Goberno Local tome ninguna medida ao respecto.

...unha vez rematadas as obras das instalacións provisionais nos antigos almacéns do peirao que están a piques de comezar, o Sr. Alcalde pretende trasladar a todos os "praceiros" a ditas instalacións pechando o actual Mercado indefinidamente ata atopar os fondos necesarios para a súa rehabilitación?. Esperemos que este non acabe por converterse nun edificio en ruínas tras o seu abandono...

...en relación coa operación "Arena" e ante a posible utilización de áridos contaminados no aglomerado de algúns camiños na nosa Vila, tal como consta no informe policial da brigada de delitos económicos e fiscais, o Sr. Alcalde e o Concelleiro de Infraestructuras non se tomaron a molestia de indagar sobre a utilización ou non destes materiais considerados polo Xulgado de Ferrol como "*contaminantes e nocivos para a saúde*"

...o Alcalde Gabriel Torrente impide o dereito á información aos Grupos da oposición negándonos o acceso a expedientes e informes, algúns deles relacionados coa situación económica do noso Concello?. Qué terá que ocultar o Sr. Alcalde?

...noite tras noite e dende hai xa meses a iluminación artística da Ponte de Pedra non funciona?. É o primeiro que "non ven" os turistas ao chegar a Pontedeume. Será esta unha das medidas de promoción turística da Sra. Concelleira con "dedicación parcial" xunto co peche da oficina de turismo durante os días festivos e as pontes?

...pese a que xa transcorreron tres anos dende a presentación do proxecto do novo Mercado Municipal o Goberno non conseguiu nin un céntimo dos 2,5 millóns de euros necesarios para a citada actuación.

...a pesares de que o Partido Popular no seu programa electoral prometía "Participación Cidadana", non foron quen de constituír o Consello Municipal de Sanidade, nin o Escolar, o da Muller, de Maiores,...

...ao estar o noso Concello en situación de "Déficit Presupostario" está obrigado a presentar un "Plan de Saneamento" para equilibrar as desastrosas contas de 2010, e que o Goberno aínda non o fixo. Contarán con ter que facelo tamén coas deste ano?

...as obras do novo Clube de Piragüismo levan paralizadas varios meses ao ser invadida a zona de afectación de ADIF (antiga RENFE) xa que houbo que ampliar o almacén destinado a albergar as piraguas e os remolques utilizados para o seu transporte porque estes non collían dentro.

...a pesares de ter denunciado en Pleno hai máis de tres anos o incumprimento da ordenanza da

Piscina Municipal, o Alcalde e a Sra. Concelleira de Deportes só decidiron tomar cartas no asunto tras a publicación destes feitos no noso anterior boletín?

...o Sr. Alcalde dicía non hai moito tempo que había persoas que entraran a traballar na administración pola "porta de atrás". Que terá que dicir agora que, en plena crise e cando moitos xóvenes deben preparar durante anos duras oposicións nas que compiten entre miles de persoas por uns poucos postos públicos, o seu Voceiro, o Sr. Eugenio Otero, é contratado, tras a chegada do Partido Popular á Deputación Provincial, como auxiliar administrativo desa entidade pública sen ningún tipo de proba de acceso ou exame... é dicir "a dedo"?

... este ano non hai axudas da Xunta para novas altas no Servizo de Axuda a Domicilio? E o Goberno Local cala!!

...este curso non hai actividades municipais fora do horario escolar nos colexios públicos. A xustificación do goberno é que non teñen achegas doutras administracións. Preguntámonos: E o Concello non as pode facer?.

... o noso Concello comezará o ano 2.012 cos orzamentos prorrogados dende o ano 2009, e iso a pesares que o PP conta con maioría absoluta, e que por primeira vez na historia da nosa Vila, temos dous Concelleiros de Facenda, e por si fose pouco un deles, a Concelleira María Del Carmen Piñeiro, cobra 9.077.74 € por unha dedicación parcial de 13 horas á semana. Será que non lle chegan... as horas ou os cartos?



...frente á pasividade do Goberno...

...levamos meses pedindo que se presenten os orzamentos para o ano entrante 2012. É una verdadeira irresponsabilidade que nun momento de profunda crise económica, o goberno local se dedique a ir tirando, renunciando á posta en marcha de políticas públicas de gasto, que axuden aos sectores máis afectados. Medidas como a de eximir do pago de certas taxas ás familias con risco ou situación de exclusión social; definir un mínimo programa de emprego local e de formación dos parados; medidas de apoio ao comercio local; ou definir dunha vez a política urbanística, axilizando as licenzas, fonte de ingresos locais, e aprobando xa o Plan Xeral de Urbanismo, empantanado dende hai tempo.

...ante o desinterese e a actitude vergoñenta amosada dende o Grupo de Goberno, os partidos da oposición tivemos que forzar a convocatoria dun Pleno Extraordinario para solicitar o inicio dos expedientes de honras e distincións, de tres eumeses ilustres: darlle o nome do escritor Ramiro Fonte á Biblioteca Municipal, o título de fillo predilecto ao pintor Abelardo Miguel, e o nome do músico e profesor Antonio Leira á Escola de Música. O PP votou en contra de todas elas actuando a modo de “represalias” por non ter votado no seu día a favor da concesión dunha Rúa a nome do fundador da Gran Obra de Atocha, Baltasar Pardal e obviando que tal proposta foi retirada por parte da dirección dese centro educativo. Así mesmo o Alcalde afirmou: “Este tema tratarase cando queiramos nós e non cando o digan vostedes”.

...presentamos varias Mocións para para acadar melloras na nosa Vila e para defender os intereses do noso Concello, a pesares disto os representantes do PP usan a súa maioría para impedir o debate que leve a acordos plenarios en asuntos tales coma os riscos para as augas do Eume e o marisqueo ante as obras no encoro, melloras no subministro eléctrico en Andrade, o traslado do mercado municipal...

...propuxemos ao Goberno Local medidas educativas para defender diante da Xunta para que o noso Concello non sufra perdas na oferta educativa de Secundaria, que os nen@s eumeses podan acceder a todas as optativas dos bacharelatos, a diversificación ou ampliación de módulos de hostalería, o enriquecemento da oferta con algún módulo formativo dedicado ao Medio Ambiente ou que se dote aos colexios de alarma antiroubo.



...solicitamos reiteradamente a mellora do alumeadado público. Mentres no casco o Goberno do Sr. Torrente gasta 100.000 € na eficiencia da redución do gasto enerxético da iluminación pública, nas parroquias aplican a “deficiencia no mantemento”, xa que en Nogueirosa, Boebre, Ombre, Andrade, Campolongo ou Centroña hai farolas que non funcionan dende hai meses

...pregamos que se mellore a sinalización no peirao e a posta en funcionamento da súa WIFI... a

xestión con Portos de Galicia do Sr. Alcalde é tal que non conseguiu nin un paso de peóns para o peirao. Nen@s, familias ou usuarios de S. Sociais ou do Albergue cruzan entre buses, camións e coches. Mentres o Goberno di que “está trabajando en ello”.

...pedimos que ante a recente instalación de novos paneis informativos, o noso Concello cedese un destes elementos ás Asociacións da nosa Vila para que publiciten os seus actos. O Goberno negouse, e isto a pesares de utilizar ata non hai moito tempo os paneis dunha desas asociacións, concretamente do Ateneo Eumés “Ferrán Martís”, para publicitar os actos organizados dende o Concello

Por todo o exposto parece que a capacidade de traballo do Goberno Local non vai parella coa subida salarial dos seus membros:

- Alcalde:
antes 34.236 €
agora 43.651 €

-Concelleiro de
Infraestruturas:
antes 20.947 €
agora 29.044 €

- Concelleira de Comercio
Facenda e Turismo :
dedicación parcial de 9.077 €

ou o resto de integrantes do Goberno que pasaron a percibir 150 € por cada Pleno e outros 150€ pola asistencia a cada unha das dúas Comisións de Goberno mensuais, fronte aos 100 € que percibían durante a pasada lexislatura.

